



20 de outubro de 2008

Curso 2007/08 nº 6

boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Alumnado procedente do estranxeiro

Foi presentado o paquete de recursos a acollida e escolarización do alumnado procedente do estranxeiro.

- Guía do sistema educativo de Galicia publicada en dez idiomas.

- Guía de comunicación básica, na que se recollen preguntas frecuentes en dez idiomas.

- Modelos de documentos de uso habitual nos centros.


- Sinalética

- Dicionarios e tradutores

- Dicionario visual interactivo

Todo o material se atopa en <http://www.edu.xunta.es>, sección "Atención á diversidade".

[Acceso](#)



Revistas educación CCAA

[Revista Galega do Ensino](#)

[Revista do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte](#)

[Revista Matemáticas do goberno vasco](#)

[Revista Bibliotecas Escolares de Asturias](#)

[Revista Educar Castilla la Mancha](#)

[Revista Andalucía Educativa](#)

Xornada: O modelo CLIL, aprendizaxe integrada de contidos e lingua

O próximo sábado 8 de novembro terá lugar no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela a Xornada de formación para o novo profesorado CLIL da nosa comunidade. A xornada é unha **actividade dirixida unicamente ao profesorado que partici-**

pa por primeira vez no Plan de Seccións Bilingües. Xa que logo, só se admitirá o novo profesorado CLIL.

[Máis información](#)



Resolución das axudas de proxectos TIC

No [DOG nº 204](#) do martes 21 de outubro sae publicada a Orde do 10 de outubro de 2008 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de proxectos de

innovación para un uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación para o curso 2008-2009.

Prevención de riscos laborais en centros docentes

De novembro de 2008 a xaneiro de 2009 celebraranse cursos de prevención de riscos laborais en centros docentes, co obxectivo de proporcionarlle unha formación teórica e práctica en materia de

prevención de riscos laborais ao persoal docente, en cumprimento do artigo 19 da LPRL.

Celebración dos cursos en:

[Vigo](#)

[Santiago](#)

[A Coruña](#)



O Parlamento de Galicia pon ao servizo dos usuarios de Internet unha área de participación cidadá. Na sección “Lexisla con nós” poderá entrar e enviar as súas suxestión. No espazo dedicado a participación cidadá pode

Parlamento de Galicia

subscribirse as áreas temáticas e expedientes que sexan do seu interese.

[Ligazón lexisla con nós](#)

[Ligazón participación cidadá](#)



Foron publicados os decretos de currículos dos seguintes ciclos formativos:

[Técnico superior en educación infantil](#)

[Cualificación profesional inicial de comercio](#)

Decretos de currículos de ciclos formativos

[Cualificación profesional inicial de reprografía](#)

[Cualificación profesional inicial de pastelería](#)

[Cualificación profesional inicial de pesca e transporte marítimo](#)

[Cualificación profesional inicial de emprego doméstico](#)

Resolución de axudas para profesorado de niveis non universitarios

No [DOG nº 199](#) do martes 14 de outubro sae publicada a Orde do 6 de outubro de 2008 pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas para a realización de

actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2008 e organizadas polos movementos de

renovación pedagóxica ou polas asociación e fundacións con fins pedagóxicos.



Astronomía

O 19 de decembro de 2007 a ONU declarou o 2009 Ano Internacional da Astronomía (AIA-IYA2009). É un proxecto global impulsado pola Unión Astronómica Internacional e a UNESCO. O ob-

xectivo é axudar os cidadás do mundo a redescubrir o seu lugar no Universo mediante a contemplación do ceo.

[Máis información](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

II Congreso Galego de Síndrome de Down

A fundación Down Compos-tela organiza o II Congreso Galego de Síndrome de Down, que se celebrará do 20 ao 23 de novembro de 2008 no CIFP Politécnico de Santiago, baixo o lema Depen-

dencia-Independencia.

[Máis información](#)



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticas

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegas
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)